

de auga-fase 1ª (O Pazo e outros). Asimesmo advírtese da exposición ó público por espazo de 4 días, do Prego de Condicións Xurídicas e Económico-Administrativas que rexerá a contratación urxente da obra sinalada, polo procedemento de concurso público, có fin de presentación das reclamacións que se consideren oportunas. Simultaneamente anúnciase concurso, se ben a licitación aprazarase cando resulte necesario, no suposto de presentarse reclamacións contra o proxecto ou Prego de Condicións.

—Obxecto: Convócase concurso urxente para a execución da obra: Rede distribución abastecemento de auga-fase 1ª (O Pazo e outros).

—Tipo de licitación: 10.021.480 ptas.

—Prazo de execución: seis meses.

—Fianzas: A fianza provisional será do 2% do tipo de licitación e a definitiva do 4% do importe da adxudicación.

—Presentación de proposicións: As proposicións presentaranse na Secretaría do Concello en horas de oficina durante o prazo de dez días contados dende o seguinte ó da publicación do anuncio no B.O. da Provincia.

—Documentación: As proposicións presentaranse en dous sobres: O sobre "A" titulárese "Documentación acreditativa do contratista e garantía depositada na contratación por concurso da obra...", e conterá os seguintes documentos:

- a) Fotocopia do DNI compulsada.
- b) Escritura de constitución da sociedade mercantil inscrita no Rexistro Mercantil co seu número de identificación fiscal.
- c) Poder bastanteado, cando se actúe en representación doutra persona física ou xurídica.
- d) Resgardo acreditativo de constitución da fianza provisional.
- e) Documento que acredite a calificación empresarial.
- f) Declaración baixo a súa responsabilidade de que non está incurso en algunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación básica do Estado en materia de contratación administrativa.
- g) Declaración de estar ó corrente nas obrigas fiscais, coa Seguridade Social e no pagamento da licencia fiscal (IAE).

O sobre "B" titularase "Oferta económica para articipar na contratación por concurso da obra e...", e contendrá:

- a) Proposición con arreglo ó seguinte:

MODELO

D., veciño de, con domicilio en, DNI nº, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de actuar, toma parte (en nome propio ou en representación de

.....) na contratación por concurso das obras de, segundo anuncio publicado no B.O. da Provincia nº de data, e comprométese a executa-las referidas obras polo prezo de (letra e número), IVE engadido, cunha mellora en obra valorada en; con suxección ó proxecto técnico e Prego de Condicións económico-administrativas que acepta íntegramente."

Data e sinatura.

b) Memoria coas referencias técnicas, persoais e materiais, e as suxerencias e modificacións que poidan supoñer unha mellora na realización da obra.

—Apertura de proposicións: No Salón de Sesións do Concello, ás 12 horas do día hábil seguinte ó da terminación do prazo de presentación das propostas, excepto sábados.

—Criterios que servirán de base para a adxudicación: Sinálase como criterios nos que a Comisión de Goberno se basará para a adxudicación: Melloras no volume de obra a executar, solucións técnicas que melloren o proxecto, medios materiais e persoais da empresa, experiencia, programa de execución da obra, e outras suxerencias que, sen menoscabo do contido no proxecto e no prego de condicións, poidan mellora-lo obxecto do concurso.

Meis, a 30 de setembro de 1994.—O Alcalde,
Jorge Casal Pintos. 11877

* * *

REDONDELA

ANUNCIO

O Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 30 de maio de 1994, aprobou definitivamente o Regulamento Municipal de Participación Veciñal, seguinte:

ANEXO

O Concello de Redondela, desexando promove-la participación da totalidade da veciñanza na vida política, económica, cultural e social.

DISPON

Artículo Unico.— Nos termos previstos na lexislación sobre réxime local, se establece o seguinte Regulamento Municipal de Participación Veciñal, e apróbase o texto do mesmo que figura como anexo da presente disposición.

ANEXO

REGULAMENTO MUNICIPAL DE PARTICIPACION DA VECIÑANZA DO CONCELLO DE REDONDELA

Limiar: A Constitución Española de 1978 expresa que:

—Correspóndelles ós poderes públicos facilita-la participación de todo-os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.

—Os cidadáns teñen o dereito a participaren nos asuntos públicos, directamente ou por medio de representantes, libremente elixidos en eleccións periódicas por sufraxio universal.

—A lei regulará a audiencia dos cidadáns directamente ou a través de organizacións e asociacións recoñecidas pola propia lei, no procedemento de elaboración das disposicións administrativas que lles afecten.

—A lei establecerá as formas de participación dos interesados na Seguridade Social e na actividade dos organismos públicos nos que a súa función afecte directamente á calidade de vida ou ó benestar xeral.

O Concello de Redondela pretende desenvolver unha normativa que regularmente a participación da súa veciñanza co recoñecemento expreso do dereito de todos eles e das entidades, nas que estean organizados, nomeadamente as asociacións veciñais e as súas federacións, as sociedades deportivas, culturais, sindicais, profesionais, empresarias, etc., que representan o elemento vertebrador dunha colectividade.

A democracia participativa, emanada das bases de sociedade a través da iniciativa popular e das organizacións e entidades veciñais, debe ser o complemento e elemento arrequecedor da democracia representativa. Participación e descentralización, xunto coa eficacia e transparencia permiten a un concello, aberto e democrático, pular a actuación ó servizo dos intereses de toda a veciñanza, que senten o deber cívico de cooperaren coa institución municipal na mellora das súas condicións de vida e no progreso socioeconómico da súa vila.

Esta cooperación atopa o seu axeitado encadre na descentralización e na información, motivadoras, ámbalas dúas, do achego da cidadanía coa Administración local, na procura dunha máis áxil resposta ós problemas cotiás.

DISPOSICIONS XERAIS

Artigo 1.—O obxecto do presente Regulamento e o establecemento das formas, medios e procedementos de información e participación da veciñanza e as entidades veciñais na xestión municipal, consonte coa lexislación vixente.

Artigo 2.—Os obxectivos que se pretenden acadar co presente Regulamento, e que teñen carácter de principios básicos, son os seguintes:

—Facilita-la máis ampla información sobre as actividades e a xestión municipal.

—Facilitar e promove-la iniciativa e participación da veciñanza nas súas organizacións específicas, sen menoscabo das competencias legalmente atribuídas ós órganos establecidos pola Lei.

—Facer efectivos os dereitos recollidos no artigo 18 da LRBRL.

—Crea-los órganos e mecanismos que garantan as posibilidades de consulta do vecindario.

—Fomenta-lo asociacionismo.

—Achegar á xestión municipal ó vecindario.

—Garanti-la solidariedade e equilibrio entre as distintas parroquias e barrios.

TITULO I. DOS DEREITOS VECIÑAIS.

CAPITULO 1.—DOS DEREITOS XERAIS

Artigo 3.—O vecindario ten o dereito a participar nos asuntos públicos, directamente ou por medio de representantes libremente elixidos en eleccións periódicas por sufraxio universal ou no seo de organizacións e asociacións, de acordo coas disposicións legais vixentes.

Artigo 4.—Nos termos regulados pola Lei e o presente Regulamento, establecerase:

1.—A audiencia á cidadanía, directamente ou a través das organizacións e asociacións recoñecidas pola Lei, no procedemento de elaboración das disposicións administrativas que lles afecten.

2.—O acceso ós arquivos e rexistros administrativos.

3.—As formas de participación das persoas interesadas na actividade dos Organismos públicos, cando a súa función afecte directamente á calidade de vida ou ó benestar xeral.

Artigo 5.—O vecindario ten o dereito de pedimento individual ou colectivo, por escrito, na forma e cos efectos que determine a Lei.

Artigo 6.—Tamén teñen o dereito ó uso e utilización, de acordo coa súa natureza, dos bens, instalacións e servizos públicos municipais, que se regularán polas súas disposicións específicas.

Artigo 7.—Asimesmo, teñen o dereito ó acceso ós aproveitamentos comunais de acordo coas súas disposicións específicas.

Artigo 8.—Tamén teñen o dereito a ser informados, previo pedimento razoado, e dirixir solicitudes á Administración Municipal, verbo de tódolos expedientes e documentación municipal, amais da aplicación do artigo 35 a) e b) da Lei 30/1992 de 26 de Novembro.

Artigo 9.—A que o Concello:

1.—Promova, fomente e propicie o papel activo do vecindario, sen que poida establecer ou prevalecer ningunha discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

2.—Facilite a máis ampla información da súa actividade e a participación da veciñanza e os seus colectivos na vida local e nas tarefas públicas.

3.—Publique e notifique na forma prevista pola Lei, os acordos adoptados pola Corporación.

4.—Facilite a obtención de copias e certificacións acreditativas destes acordos e os seus antecedentes.

Artigo 10.—Tamén teñen o dereito a acadar un tecido social asociativo plural e dinámico, a través de espazos de participación flexibles e operativos como ámbitos para expresar e encarreirar, co concurso veciñal, a democracia participativa.

Artigo 11.—E con carácter xeral: dereito a seren atendidos polo órgano pertinente, e formularen queixas e reclamacións, e a recibiren información particular.

Artigo 12.—Teñen o dereito específico ó recoñecemento do principio de igualdade dos sexos e ó uso non sexista da linguaxe administrativa.

A tal fin o Concello normalizará todos aqueles documentos, circulares, impresos e formularios coa finalidade de facer realidade esté dereito na linguaxe referente á veciñanza.

CAPITULO 2. DO DEREITO O USO DA LINGUA GALEGA

Artigo 13.—A cidadanía ten o dereito a se dirixir ós rexedores e servicios municipais, oralmente ou por escrito, en lingua galega; a tal fin, o Concello normalizará todos aqueles documentos, circulares, impresos e formularios, a través do seu Servicio de Normalización Lingüística, coa finalidade de facer efectivo este dereito.

Así se fará constar en tódolos Regulamentos e nas Disposicións Municipais.

CAPITULO 3. DAS GARANTIAS DOS DEREITOS VECIÑAIS

Artigo 14.—Se regulará a Institución do Valedor Vecinal, como comisionado do Concello para a defensa dos dereitos da veciñanza, comprendidos neste título; para o seu efecto poderá supervisar a actividade da Administración municipal, dando conta ó Concello, sendo tamén funcións súas a cooperación co Concello.

O seu Regulamento específico e a súa elección adoptaránse por acordos plenarios.

CAPITULO IV. CONSULTA VECIÑAL

Artigo 15.—Consonte coa lexislación estatal ou autonómica no seu caso, o Alcalde, previo acordo por maioría absoluta do Pleno e autorización do goberno da nación, poderá someter a consulta veciñal aqueles asuntos de competencia propia municipal e de carácter local que sexan de especial relevancia para os intereses do vecindario, agás os relativos á Facenda local.

Tamén se poderá celebrar consulta veciñal, dando estar avalado este pedimento por un mínimo non inferior ó 5% do censo electoral municipal.

TITULO II.—DAS ASOCIACIONES VECIÑAIS E DO SEU REXISTRO MUNICIPAL

CAPITULO 1.—DAS ASOCIACIONES VECIÑAIS

Artigo 16.—A Corporación Local favorecerá o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses colectivos xerais e sectoriais da vecindade, facilitaralles a máis ampla información sobre as súas actuacións, o uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades e pulará a súa participación na xestión municipal.

Artigo 17.—O Concello poderá declarar de utilidade pública as asociacións vecinais.

Artigo 18.—O Concello subvencionará económicamente ás asociacións para a defensa dos intereses sectoriais ou xerais da veciñanza, tanto polo que se refire ós seus gastos de mantemento como ás actividades que realicen. As convocatorias de axudas, que serán públicas, conterán as contías, conceptos e criterios de subvencións, así coma o prazo de presentación de solicitudes e da memoria e proxecto de actividades cando sexa por este concepto. As entidades subvencionadas, no prazo máximo dun ano, estarán obrigadas á xustificación documental de toda-las axudas percibidas.

O Presuposto Municipal incluírá unha partida, en todo caso non inferior ó 1% do mesmo, destinada a subvencións e fomento do asociacionismo. Nas bases de execución dos presupostos así como nas reguladoras de subvencións explicitaranse os criterios obxectivos de distribución das axudas ás entidades.

Artigo 19.—Estas asociacións poderán acceder ó uso de medios públicos municipais, coas limitacións que impona a coincidencia do seu uso por parte de varias delas e polo propio Concello, e serán responsables do trato dado ás instalacións, do seu coidado e mantemento en bo estado de conservación.

O uso deberá ser solicitado por escrito ó Concello, coa antelación que se estableza polos servicios correspondentes. Para racionaliza-lo emprego destes medios elaboraránse disposicións municipais que garantan a ecuanimidade e a responsabilidade no seu uso.

Artigo 20.—As devanditas entidades sempre que o soliciten expresamente, poderán:

- Recibir no seu domicilio social as convocatorias dos órganos colexiados municipais que celebran sesión pública, cando na Orde do Día figuren cuestións relacionadas co obxecto social da entidade. Nos mesmos supostos recibirán as resolucións e acordos adoptados polos Organos Municipais.
- Recibi-las publicacións editadas polo Concello, sempre que resulten de interese para a entidade, atendendo o seu obxecto social.

Artigo 21.—As asociacións xerais ou sectoriais canalizarán a participación da vecinanza nos Consellos Sectoriais, nos órganos colexiados de xestión descentralizada e nos órganos colexiados dos entes de xestión descentralizada de servizos municipais, cando tal participación estea prevista nas regulamentacións e acordos municipais polos que se rexan e pola normativa en vigor.

De primeiras, a participación destas asociacións só se admitirá en relación cos órganos deliberantes ou consultivos, agás nos casos nos que a Lei autorice a integración dos seus representantes en órganos descoriosos.

Artigo 22.—O Concello, na medida das súas posibilidades, levará a cabo programas de promoción do asociacionismo xeral ou sectorial con certa periodicidade e convenios de colaboración para o desenvolvemento de actividades ou desenvolvemento de programas, e aportación de axudas económicas, técnicas, administrativas e de asesoramento, así coma de contraprestación de servizos que redunden nunha mellor calidade da vida vecinal, e tamén convocar subvencións para equipamentos e actuacións. En particular, impleméntaranse programas, en colaboración con outras institucións, en contra da exclusión social, o racismo e a xenofobia.

CAPITULO 2. DO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIONES VECIÑAIS

Artigo 23.—1.—Os dereitos recoñecidos ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais da comunidade veciñal, dos Artigos 16 ó 24, ámbolos dous inclusive, deste Regulamento, só serán exercitables por aquelas que se atopen inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais e estean en activo.

2.—O Rexistro ten por obxecto permitirlle ó Concello coñecer-lo número de entidades existentes no Municipio, as súas fins e a súa representatividade, ós efectos de posibilitar unha política municipal de fomento do asociacionismo e participación veciñal, baixo os criterios de obxectividade, imparcialidade e equidade.

3.—Poderán obter a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións Cidadás todas aquelas que teñan coma finalidade a defensa, fomento ou mellora dos intereses xerais ou sectoriais da veciñanza do concello, e, en particular, as asociacións veciñais, as de nais e pais do alumnado, culturais, deportivas, recreativas, xuvenís, empresariais, profesionais, ecoloxistas, e outras semellantes e as súas federacións, e as entidades supramunicipais nas que participe ou estean representadas.

4.—O Rexistro levarase na Secretaría Xeral da Corporación e os seus datos serán públicos. As inscricións realizaranse motivadas polo pedimento expreso das asociacións interesadas, que terán que aportalos datos seguintes:

- Estatutos.
- Número de inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións ou noutro Rexistro Público.
- Nome das persoas que ocupen os cargos directivos.
- Domicilio social.
- Presuposto do ano en curso.
- Programa de actividades no decurso do ano.
- Certificación do número de socios.

No prazo de 15 días dende a solicitude de inscrición, e agás que este se poidera interromper pola necesidade de aportar documentación non incluída inicialmente, o Concello notificará á asociación o seu número de inscrición e a partir dese intre considerárase de alta a tódolos efectos.

As asociacións inscritas están obrigadas a notificar ó Rexistro tódalas modificacións dos seus datos dentro do mes seguinte ó que se produza.

O presuposto e o programa anual de actividades comunicaranse no mes de Xaneiro de cada ano.

O incumprimento destas obrigas contempladas no presente Regulamento suporá que o Concello poida incoar expediente administrativo ós efectos que se estimen oportunos.

TITULO III.—DA INFORMACION E PARTICIPACION VECIÑAL

CAPITULO I. DA INFORMACION E DOS ORGANOS MUNICIPAIS

Artigo 24.—1.—A Corporación facilitará a máis ampla información sobre a súa actividade e a participación veciñal na vida local.

2.—As formas, medios e procedementos de participación non poderán en ningún caso menoscabarl as facultades de decisión que lles corresponden ós órganos representativos regulados pola Lei.

Artigo 25.—As sesións do Pleno da Corporación Local son públicas; sen embargo poderán ser secretos os debates e votacións de todos aqueles asuntos que poidan afectar ó dereito fundamental a que se refire o Artigo 18.1 da Constitución Española, cando así se acorde por maioría absoluta.

Artigo 26. — 1.—Cando algunha asociación inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais, desexe efectuar unha exposición perante o Pleno en relación con algún punto da orde do día no que na previa tramitación administrativa intervinira como interesada, deberá solicitalo ó Alcalde antes de comenza-la sesión, cunha antelación mínima de 24 horas. Coa autorización deste e a través dun único representante, poderá expoñer-lo seu parecer durante o tempo que sinale o Alcalde, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na Orde do Día. En todo caso e sempre fora da sesión e antes de dar comenzo esta.

2.—Terminada a-sesión do Pleno, o Alcalde poderá establecer unha quenda para que o público asistente que teña interese en temas concretos sobre a problemática municipal poida formular preguntas e rogos. Correspóndelle ó Alcalde ordenar e pecha-la quenda, podendo respostar por escrito ou oralmente ás preguntas.

Artigo 27. — 1.—As convocatorias e ordes do día das sesións do Pleno transmitiránselle ós medios de comunicación social da localidade e faranse públicas no Taboleiro de Anuncios da entidade.

2.—A Corporación dará publicidade resumida do contido das sesións plenarias e de tódolos acordos do Pleno e da Comisión de Goberno, así como das resolucións do Alcalde e das que pola súa delegación dicten os Delegados, así como da xestión municipal.

3.—A tal efecto, ademais da exposición no Taboleiro de Anuncios da Entidade, poderanse utiliza-los seguintes medios:

- a) Edición cunha periodicidade mínima semestral dun Boletín Informativo que se remitirá a núcleos familiares e entidades.
- b) Publicación nos medios de comunicación social de ámbito local.
- c) Utilización doutras técnicas e procedementos de comunicación como bandos e publicacións, taboleiros e paneis, anuncios e carteis, organización de actos informativos e outros.
- d) Recollerase tamén a opinión cara á xestión municipal, da comunidade veciñal e das entidades a través de campañas de información, debates, asembleas, reunións, consultas, inqueritos e sondaxes de opinión.

Artigo 28.—Non son públicas as sesións da Comisión de Goberno nin as das Comisións Informativas. Porén, e antes de comenza-las sesións destas últimas, os Presidentes das mesmas poderán convocar para recaba-la súa opinión ou recibilo seu informe respecto dun tema concreto, ós representantes das asociacións inscritas no Rexistro Municipal.

Poderán ser públicas as sesións dos demais órganos complementarios que poidan ser establecidos polo Regulamento Orgánico Municipal, nos termos que prevea a lexislación e as regulamentacións ou acordos plenarios polos que se rexan.

Artigo 29.—Nos Regulamentos ou Estatutos dos órganos desconcentrados e descentralizados para a xestión de servizos (padroados ou calquera outro organismo autónomo municipal) aprobados polo Pleno, poderanse acorda-la conveniencia de obter un maior grao de participación veciñal na actividade de prestación dos servizos. A tal xeito contemplárase a presenza de asociacións sectoriais e veciñais.

Asimesmo, farase outro tanto nas comisións de seguimento das concesións administrativas de servizos municipais, cando figurasen así no prego de condicións.

O funcionamento dos órganos colexiados dos entes descentralizados de xestión rexeráse polo que dispoña a lexislación en materia de formas de xestión de servizos, segundo a súa natureza específica.

Artigo 30.—1.—Na organización administrativa do Concello existirá unha oficina de información que será a canle para toda a actividade informativa e publicitaria da Administración Local.

2.—A obtención de copias e certificacións acreditativas dos acordos municipais ou antecedentes dos mesmos, así como a consulta de arquivos e rexistros, solicitaranse na devandita oficina que, de oficio, realizará as xestións que sexan precisas para que o solicitante obteña a información requirida no prazo máis curto posible e sen que isto supoña atranco para as tarefas dos servizos municipais.

3.—A formulación de queixas e reclamacións fázase tamén perante a mesma oficina. Nela estará a disposición do público para a súa consulta un exemplar deste Regulamento e doutras disposicións municipais.

4.—A oficina de información poderase estruturar de forma desconcentrada se así o esixe a eficacia da súa función, e haxa dispoñibilidade de medios e recursos:

5.—Os pedimentos de información deberán ser razoados, agás as que se refiran á obtención de certificacións de acordos ou resolucións que, en todo caso, poderán ser obtidas mediante o aboamento da taxa correspondente.

Artigo 31. — 1.—As solicitudes do vecindario pedindo aclaracións ou actuacións municipais, dirixidas a calquera órgano municipal, cursaranse necesariamente por-escrito, e serán contestadas nos termos previstos na lexislación reguladora do procedemento administrativo.

2.—Cando a solicitude formule unha proposta de actuación municipal, o seu destinatario informará ó solicitante do trámite que tena que facer. Se a proposta chega a tratarse nalgún órgano colexiado municipal, o que actúe de secretario do mesmo remitirá no prazo máximo de 15 días ó proponente, copia da parte correspondente da acta da sesión. Asimesmo o Presidente do órgano colexiado poderá requirir-la presenza do autor da proposta na sesión que corresponda para que a expona e defenda. En todo caso, fázase fora da sesión e antes do seu comenzo.

CAPITULO 2. DOS ORGANOS DE PARTICIPACION VECIÑAL

Artigo 32.—Os Consellos Sectoriais e os Consellos Parroquiais son os órganos específicos de participación veciñal na xestión dos asuntos locais.

Artigo 33.—Os Consellos Sectoriais terán funcións de informe e, no seu caso, propostas en relación coas iniciativas municipais relativas ó sector da actividade ó que corresponda cada Consello, así

como asesoramento, orientación, instancia e consulta e colaboración co Concello, canalizando a participación vecinal e das súas asociacións nos asuntos municipais.

Artigo 34.—A composición, organización e ámbito de actuación dos Consellos Sectoriais, estableceranse por acordo plenario no correspondente regulamento regulador, así coma o seu funcionamento, tendo en conta a adecuación o sector e á representación asociativa vecinal.

Poden ser de carácter permanente ou especiais.

Os especiais constitúense para un caso específico e os permanentes establécense por razón da materia, coincidindo cos grandes sectores nos que se desenvolve a acción municipal, existirán outros para asuntos xerais, e abranguerán as áreas seguintes: consumo, saúde, medio ambiente, urbanismo, obras, cultura, educación, deporte, muller, xuventude, maiores, atención social, e outros complementarios que se considere oportuno crear.

Artigo 35.—Os Consellos Parroquiais son órganos de representación territorial. Reconecendo de seu como entidade básica local á Parroquia creárase un en cadansúa. Tenen como funcións o asesoramento, orientación, instancia e consulta da xestión municipal, así como a xeral de colaborar co Concello, no seu respectivo eido, facilitando a participación vecinal no seu ámbito territorial.

Artigo 36.—A composición, organización e ámbito territorial dos Consellos Parroquiais estableceranse no correspondente regulamento regulador aprobado polo Pleno, tendo en conta a adecuación ás características de cada parroquia e da representación asociativa vecinal.

Os Consellos Parroquiais terán carácter permanente e conecerán das actuacións municipais no seu ámbito territorial.

DISPOSICIONS ADICIONAIS

1ª).—En casos de urxente e extrema necesidade o Concello poderá convocar Consellos Interparroquiais.

2ª).—O presente Regulamento está suxeito ás modificacións pola propia evolución da sociedade, da estrutura organizativa do propio Concello e a adecuación ó marco normativo cambiante, sendo o Pleno quen adopte o acordo.

DISPOSICIONS TRANSITORIAS

1ª).—Os Regulamentos e os Estatutos dos órganos complementarios municipais revisaranse e reformaranse, se é o caso, nun prazo máximo de un ano.

2ª).—Constituiranse os órganos específicos de participación vecinal nun prazo máximo de un ano.

3ª).—No primeiro trimestre de cada ano natural o Concello emitirá un informe sobre o movemento

vecinal e revisará o Rexistro Municipal de Asociacións.

DISPOSICION DERRADEIRA

Este Regulamento entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Redondela, a 17 de xuño de 1994.—O Alcalde Acctal., Emilio González Iglesias. 9226

* * *

VILAGARCIA DE AROUSA

ANUNCIO

De conformidade co disposto no artigo 88 do Regulamento de Contratación das Corporacións Locais, de 9 de xaneiro de 1953, no prazo de 15 días dende a publicación deste anuncio no "Boletín Oficial" da provincia, poden presentar reclamacións nas oficinas municipais de Secretaría as persoas que crean ter algún deteito esixible a Industrial Eléctrica de Galicia, S. A., como adxudicatario do contrato de "Alumado Público en Bamio (2ª fase) e Alumado Público na Avda. da Marina", segundo adxudicación acordada en sesión da Comisión Municipal de Goberno, de data 22 de setembro de 1992, na garantía definitiva de 308.000 pesetas, que ten presentada polo antedito contrato.

Vilagarcía de Arousa, a 9 de setembro de 1994.—O Alcalde, Joaquín Javier Gago López. 11723

* * *

PONTEAREAS

EDICTO

Habiéndose solicitado de esta Alcaldía por Gramol, S. A., representada por D. Rafael Alonso Rodríguez, licencia municipal para la apertura de ampliación de una fábrica de piedra natural, a emplazar en Carretera a Las Nieves, p.k. 2, en Ponteareas, cumpliendo lo dispuesto por el apartado a) del número 2 del artículo 30 del Reglamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas de 30 de noviembre de 1961, se somete a información pública por período de diez días hábiles, a fin de que durante el mismo —que empezará a contarse desde el día siguiente al de la inserción del presente Edicto en el "Boletín Oficial" de la provincia— pueda examinarse el expediente, en la Secretaría de este Ayuntamiento, por las personas que de algún modo se consideren afectadas por la actividad que se pretende instalar y formular por escrito las reclamaciones u observaciones que se estimen oportunas.

Ponteareas, a 22 de septiembre de 1994.—El Alcalde, José Castro Alvarez. 11822